Deputación DA CORUÑA

BOLETÍN INFORMATIVO

Actualizado o martes 7 de abril de 2020, ás 13.06 h

MEDIDAS HIXIÉNICAS FRONTE AO COVID-19

Dende o principio desta crise sanitaria, o ministerio de sanidade indicou como principal medida hixiénica para evitar o contaxio o lavado frecuente e correcto das mans. En relación ao uso de mascarillas parece que comeza a haber certa controversia sobre si é recomendable ou non o seu uso.

En caso de usala é necesario lembrar que existen dous tipos fundamentais de mascarillas, as que constitúen un EPI (mascarillas FFP2) e as que constitúen un produto sanitario (protexen aos demais de nós en caso de estarmos infectados).

Sobre o uso das luvas, as autoridades sanitarias lembran que non é unha medida efectiva para limitar o contaxio, xa que o virus pode transmitirse igualmente da superficie da luva á cara.

Neste boletín intentaremos aclarar os procedementos correctos para o lavado de mans e a colocación e retirada da mascarilla e as luvas.

CÓMO POÑER E QUITAR A MASCARILLA.

A OMS indica que:

- Antes de poñer a mascarilla, lave as mans con auga e xabón ou un desinfectante a base de alcohol.

- Cubra a boca e o nariz coa mascarilla e asegúrese de que non haxa espazos entre a súa cara e a máscara.

- Evite tocar a mascarilla mentres a usa, se o fai, lave as mans con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcohol.

- Cambie a mascarilla tan pronto estea húmida e non reutilice mascarillas dun só uso. Todas as mascarillas tipo cirúrxicas (produto sanitario) soen ser dun só uso, no caso das que constitúen EPI teremos que fixarnos no que pon na propia mascarilla: "R", de reutilizable; "NR", de non reutilizable.

- Para quitar a mascarilla: quítea por detrás (non toque a parte dianteira da mascarilla), tírea inmediatamente nun recipiente pechado e lave as mans con auga e xabón ou un desinfectante a base de alcohol.

COMO POÑER E QUITAR AS LUVAS

É importante salientar que a medida máis efectiva fronte o coronavirus é o lavado frecuente das mans con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.

No caso de usar luvas, o servizo de saúde pública vasco Osakidetza indícanos a necesidade de ter en conta as seguintes consideracións previas:

- Ter as mans libres de obxectos como aneis, reloxos, etc… xa que poden rachar a luva. Non ter votadas cremas, ter as unllas cortas e sen esmalte.

- Realizar de xeito previo a hixiene de mans.

O Osakidetza[1] indica que para a retirada da luva:

1- Pellizcar polo exterior da primeira luva:



2- Retirar sen tocar a parte interior da luva:



[1] Imaxes e texto tomados da Guía-Manual: Uso adecuado de los guantes sanitarios, publicada polo Osakidetza.

3- Retirar a luva na súa totalidade:



4- Recoller a primeira luva coa outra man:



5- Retirar a segunda luva introducindo os dedos polo interior:



6- Retirar a luva sen tocar a parte externa da mesma:



7- Retirar as dúas luvas no contedor adecuado:



8- Limpar as mans con auga e xabón ou con solución hidroalcohólica.

CORRECTA LIMPEZA DAS MANS

O ministerio de sanidade[2] indica que é necesario lavar as mans:

- Tras esbirrar, toser ou soar o nariz.

- Despois do contacto con alguén que esbirra ou tose.

- Despois de usar o baño, o transporte público ou tocar superficies sucias.

O propio ministerio informa do modo correcto de lavar as mans:

1- Molla as mans con auga e aplica suficiente xabón.



2- Frega as palmas das mans entre si.



3- Frega a palma dunha man contra o dorso da outra entrelazando os dedos.



[2] Texto e imaxes tomadas do ministerio de sanidade.

4- Frega as palmas das mans entre si cos dedos entrelazados.



5- Frega o dorso dos dedos dunha man coa palma da outra.



6- Cun movemento de rotación, frega o polgar atrapándoo coa palma da outra man.



7- Frega os dedos dunha man coa palma da outra con movementos de rotación.



8- Aclara as mans con auga.

9- Seca as mans cunha toalla dun só uso.



No caso de usar solución hidroalcohólica os pasos serían os mesmos pero eliminando os dous últimos e deixando que a solución seque soa.

ÚLTIMA HORA

Hoxe publícase no BOE:

- Orde TMA/324/2020, do 6 de abril, pola que se ditan instrucións sobre a utilización das tarxetas de tacógrafo de condutor e empresa.

- Orde SND/325/2020, do 6 de abril, pola que se establecen criterios interpretativos e prorrógase a validez dos certificados de verificacións e mantementos preventivos establecidos na regulación de seguridade industrial e metrolóxica.

- Orde SND/326/2020, do 6 de abril, pola que se establecen medidas especiais para o outorgamento de licenzas previas de funcionamento de instalacións e para a posta en funcionamento de determinados produtos sanitarios sen marcado CE con ocasión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

EVOLUCIÓN DA PANDEMIA

Casos confirmados en Galicia	**6.331**
Casos confirmados en España	**140.510**
Casos confirmados en Europa	**680.712**
Casos confirmados no mundo	**1.214.973**
Defuncións acumuladas en España	**13.798**
Persoas recuperadas en España	**43.208**
Persoas hospitalizadas en España	**63.093**